

Santín e Docasar pedirán explicacións no Parlamento a Feijóo e a Francisco Conde unha vez confirmada a entrada en concurso de acredores do *Hotel Palacio de Sober*

Os deputados farán esta petición porque o inicio do trámite concursal, que xa foi publicado polo xulgado mercantil nº 12 de Madrid, implica que se abre o prazo para que os consignatarios da empresa indiquen o diñeiro que reclaman e a administración xudicial deberá buscar un acordo con eles que permita saldar as súas débedas cos recursos que dispón a entidade. No caso de non chegar a un pacto, o proceso pode rematar coa liquidación da firma

Dado que “o sono persoal”, como foi definido por altos cargos da Xunta, recibiu axudas da administración autonómica por valor de 4 millóns de euros, consideran que “cómpre preguntarse, primeiro, pola capacidade de análise do IGAPE diante do plan de negocio dun investimento que agora se revela como errado e, segundo, pola incapacidade xestora da entidade que, mesmo estivo rexeitando a contratación de eventos, o que tivo consecuencias graves sobre o emprego”

“Foi un proxecto malparido dende o comezo”, subliñan, pois tanto as empresas proveedoras como os empregados tiveron e seguen a ter problemas para cobrar. Arestora, só traballen alí 3 ou 4 persoas, incumpríndose así o ERE pactado entre a empresa e os sindicatos

SOBER, 4 DE ABRIL DE 2015.- O Grupo Parlamentario Socialista, a través de diferentes iniciativas presentadas, pedirán explicacións ao presidente da Xunta de Galicia e ao conselleiro de Economía e Industria para que expliquen cales son as previsións que manexa o Goberno galego con respecto ao hotel *Palacio de Sober* pois, segundo vén de publicar o xulgado mercantil número 12 de Madrid, a empresa encargada da súa xestión –Alvaher 98- acaba de entrar en concurso de acredores.

Os socialistas levan así, novamente, este asunto á Cámara do Hórreo porque, tal e como explicaron recentemente os deputados autonómicos –Juan Carlos González Santín e Vicente Docasar- ao voceiro do grupo municipal do PSOE en Sober – Iñaki Rodríguez -, este proceso concursal supón “un paso máis no desmantelamento definitivo do que foi a gran aposta persoal tanto do titular autonómico como da súa delegada territorial en Lugo, a Sra. Raquel Arias”.

Esta non é a única ocasión na que este Grupo Parlamentario alerta “da crítica” situación pola que atravesamos dito complexo hoteleiro. A última vez que os socialistas reclamaron a actuación do Executivo foi no pasado mes de novembro. E, agora, dada a comunicación oficial do xulgado mercantil, volverán a dirixirse ao Executivo para que este dea conta do que consideran “unha nefasta xestión”, sobre todo, se se ten en conta que o titular autonómico “foi o principal promotor da iniciativa”, ao facilitar 4 millóns de euros para o seu desenvolvemento, a través de distintos organismos públicos dependentes da Xunta.

Posible liquidación da firma

Os deputados do PSOE farán esta petición porque o inicio do trámite concursal implica que se abre agora o prazo para que os acredores da empresa indiquen o diñeiro que reclaman e a administración xudicial deberá buscar un acordo con eles que permita saldar as súas débedas cos recursos que dispón a entidade. Así, no caso de non chegar a un pacto, o proceso pode rematar coa liquidación da firma.

“É o momento de que o propio presidente Feijóo dea a cara, pois a Xunta destinou unha gran cantidade de fondos públicos a este proxecto que semella fallido”. Proba delo é que, dende o

comezo, tanto as empresas proveedoras como os propios traballadores e traballadoras tiveron problemas para cobrar, sendo incluso a meirande parte despedidos. Esta crítica situación provoca que, arestora, só traballen alí 3 ou 4 persoas, que desempeñan, basicamente, labores de mantemento do edificio, incumpríndose así o ERE pactado entre a entidade e os sindicatos.

Importante participación do IGAPE

En outubro de 2010, o presidente da Xunta inauguraba este complexo; un establecemento que foi promocionado como o de maior nivel de Galicia, con servizos múltiples, heliporto e cun prezo de aloxamento por noite que podía chegar ata os 750 euros. Tratábase, pois, “do lanzamento dunha oferta espectacular chamada a dinamizar o turismo da Ribeira Sacra lucense”, afirman Santín e Docasar.

Nese obxectivo, o Goberno galego participou “con forza”, e fíxoo a través do IGAPE; organismo que aportou 2 millóns de euros procedente dun préstamo do Banco Europeo de Investimentos, e cun interese igual ao Euribor máis 0,5%. Asemade, a este importante importe hai que engadir 887.000 euros de incentivos e 418.000 euros procedentes de fondos rexionais. Finalmente, a obra tivo un investimento total de 7,8 millóns.

“O sono persoal”, como foi definido por altos cargos autonómicos, indican os parlamentarios, “foise transformando en pesadelo e fracaso”. Por este motivo, e dado que “foi un proxecto malparado dende o comezo”, consideran que “cómpre preguntarse, primeiro, pola capacidade de análise do IGAPE diante do plan de negocio dun investimento que agora se revela como errado e, segundo, pola incapacidade xestora da empresa que, mesmo estivo rexeitando a contratación de eventos, o que tivo consecuencias graves sobre o emprego”.

“Entendemos que son necesarias moitas explicacións por parte da Xunta, xa que a importante cantidade de diñeiro público alí investido ben o merece, e xa nos gustaría que funcionara dun xeito semellante ao Balneario de *Augas Santas* de Ferreira de Pantón, que recibiu tamén importantes axudas públicas, pero coa enorme diferenza que neste caso temos ao servizo da cidadanía un importante servizo hoteleiro que dá prestixio á Ribeira Sacra e que na actualidade proporciona traballo a unhas 50 persoas”, conclúen os socialistas.